



ACTA DO TRIBUNAL PARA A SELECCIÓN TEMPORAL DE 2 PEÓNS PARA A OBRA/SERVIZO "LIMPEZA E CONSERVACIÓN DE ESPAZOS PÚBLICOS", SEGUNDO SUBVENCIÓN CONCEDIDA POLA CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR DENTRO DO PROGRAMA DE CONTRATACIÓN TEMPORAL POLAS ENTIDADES LOCAIS DE PERSOAS EN SITUACIÓN OU RISCO DE EXCLUSIÓN SOCIAL PERCEPTORAS DA RISGA

Na Casa Consistorial do Exmo Concello da Fonsagrada, sendo as 10:00 horas do día 22 de xuño de 2020, constituíuse o Tribunal de selección para a contratación temporal por período de nove meses de duración, de 2 peóns para a realización da obra "Limpeza e conservación de espazos públicos" en virtude da subvención concedida pola Consellería de Economía, Emprego e Industria por resolución do xefe territorial de Lugo da Consellería de Economía, Emprego e Industria de 05 de xuño de 2020, ao abeiro da Orde do 20 de decembro de 2019 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións dirixidas a entidades locais para a contratación temporal de persoas en situación de risco de exclusión social perceptoras da RISGA para o ano 2020.

A selección realizarase segundo as bases aprobadas por decreto de alcaldía de data 11 de xuño de 2020.

O Tribunal constitúese cos seguintes membros:

Presidente: Jorge Martínez Morato, traballador social do Concello da Fonsagrada

Vogais Alberto Jaime Lugilde Gude, director da oficina de emprego Lugo-Sur.
Ana María Saavedra Arias, técnica do Equipo de Inclusión Sociolaboral de O Corgo.
Raúl García Martínez, técnico do Concello da Fonsagrada

Secretaría Ana M^a Méndez Enríquez, AEDL do Concello da Fonsagrada

A preselección dos candidatos realizouse mediante oferta formulada ao Servizo Público de Emprego, resultando convocados os seguintes aspirantes:

- García López, Juan Carlos
- Lobera Fernández, Enrique
- Niño González, Manuel

Unha vez comprobados os méritos aportados polos candidatos e realizada a entrevista procédese á valoración de acordo co disposto na Base Sexta das bases de selección

NOME	CARGAS FAMILIARES	DISCAPACIDADE	COLECTIVOS DE DIFÍCIL INSERCIÓN	FORMACIÓN	ENTRE VISTA	TOTAL
García López, Juan Carlos	-	-	-	1	15	16
Lobera Fernández, Enrique	-	-	-	-	15	15

Manuel Niño González presenta informe médico de que non está apto para traballar polo que se adxunta o dito informe ao expediente e non se valora.



Vista a puntuación obtida polos candidatos, o Tribunal, por unanimidade dos seus membros, acorda propoñer para os postos aos seguintes candidatos:

NOME	CARGAS FAMILIARES	DISCAPACIDADE	COLECTIVOS DE DIFÍCIL INSERCIÓN	FORMACIÓN	ENTRE VISTA	TOTAL
García López, Juan Carlos	-	-	-	1	15	16
Lobera Fernández, Enrique	-	-	-	-	15	15

Non sendo outro o obxecto desta reunión dáse por rematada a mesma sendo as 11:00 horas do día do inicio, asinando os asistentes en proba de conformidade.

A Fonsagrada, 22 de xuño de 2020.